

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO CASTREXO DE FERROL: MODELO TEÓRICO PARA PROMOVER O SEU USO SOCIAL

Juan A. Carneiro Rey - Emilio Ramil González
I.E.S. de Mugardos. - AXA Arqueoloxía S.C

Dende hai séculos as noticias sobre Ferrol e as súas excelentes cualidades como porto de abrigo son continuas. Desde as novas dos clásicos greco-latinos sobre o Portus Magnus Artaborum, pasando por eruditos como o Licenciado Molina, na súa “Descripción del Reino de Galicia”, editada en Mondoñedo en 1550, o porto de Ferrol era dos máis seguros do mundo e o mesmo opinaban ilustrados e homes de ciencia dos séculos XVIII e XIX (Alonso López, 1820).

Non cabe dúbida de que as condicións da ría ferrolá responden a unhas excelentes características para o emprazamento de hábitats. O poboamento de Ferrol foi antiquísimo como o proban os “castros, dólmenes, menhirs, etc. que se encuentran en nuestros alrededores” (Fort, 1903)¹. O asentamento ao longo do tempo nos mesmos lugares, fai que uns hábitats se superpoñan a outros e vaian desaparecendo. Outras veces os restos de antigas culturas sofren os embates da acción antrópica: violacións de xacementos na busca de “tesouros”, plantacións e extensión de cultivos, etc.

Nesta comunicación pretendemos realizar unha análise do Patrimonio castrexo existente no concello de Ferrol. En primeiro lugar faremos unha síntese historiográfica do Patrimonio castrexo desaparecido, a continuación un repaso ao esta-

¹ Tamén de la Iglesia (1907) fala dunha punta de seta de sílex atopada na lagoa de Doniños. Saralegui cita nun periódico ferrolá en 1867 a existencia de “restos de dos dólmenes cerca de Ferrol”. Un destruído por mor da necesidade de pedra para facer os arsenais a mediados do século XVIII. (Consumíronse enormes cantidades de pedra dos montes dos arredores de Ferrol tanto para os arsenais como para facer estradas como a de saída de Ferrol pola Porta de Canido). Do segundo dolmen, que estaba en Chamorro, existían en 1867 dúas chantas, unha de 2,90 m. de altura e outra de 3,56 m. e había unha distancia entre ambas de 0,94 m. (NOVO, 1883). Asimesmo B.J. Guerra afirma nas súas “Notas inéditas sobre Galicia” que a Pena de Embade, preto de Ferrol, foi derribada en 1744 e utilizados os seus peñascos como canteira para os arsenais. (Cit. SARALEGUI, 1894).

do actual dos castros existentes e finalmente propoñemos un modelo teórico de actuación para xestionar o devandito Patrimonio, poñendo como exemplo un dos castros máis representativos da zona, que é o de Lobadiz, en San Xurxo da Mariña.

SÍNTESE HISTORIOGRÁFICA DO PATRIMONIO CASTREXO NO CONCELLO DE FERROL

CASTROS DESAPARECIDOS:

Castro de Ferrol : Parece fóra de toda dúbida que as orixes da cidade de Ferrol estiveron nun antigo castro, na beiramar do que hoxe é o barrio de Ferrol Vello. Este castro non tería as características propias dos castros de tipo marítimo: situación en península, sobre cantís... senón que sería máis similar a outros do seu entorno situados na outra banda da ría, como pode ser o das Gaivotas (Carneiro et al. 1998).

Con data 29 de maio do ano 1412 existe un documento que alude a unha doazón efectuada por Juan Pérez de Chanteiro ao convento de Santa Catarina de Montefaro, dunha herdade no “Castro de Ferrol” (Cit. Montero, 1859). Alonso López (1820) di que existían restos da muralla de Ferrol no peirao: “el trozo robusto de fábrica que aún se conserva del lado del sur del pueblo en las cercanías del local que ocupó la parroquia² (...) tiene el nombre de sitio del Castro y que quedó perpetrado en la calle que por allí pasa”³. A rúa do Castro é citada tamén no “Diccionario” de Madoz (1849). Para Montero (op. cit.) “es muy probable que antes de fundarse la antigua villa de Ferrol existiese (un castro) en el sitio que ocupa la calle que siempre fue y aún es nombrada “del Castro” en la vieja población”.

Novo (1883) afirma que a presenza dos antigos poboadores deixou en Galiza e particularmente nos arredores de Ferrol pegadas. Ás mesmas portas de Ferrol “se alzan los castros, y (...) aún dentro, la misma ciudad guarda recuerdos de monumentos de esa especie, que quizá desaparecieron para servir de cimientos a la parte más antigua de la población”.

² Según CARRÉ (1929) o edificio era románico.

³ Este anaco de muralla era unha masa informe de tres arcos unidos, un deles era gótico e estaba orientado cara ao mar e os outros eran “circulares” e miraban cara ao pobo. Fort (1903) da conta dun documento no que se cita a antiga porta do castro, é de data 14 de maio do ano 1688: “(...) previa licencia de la Excma. Sra. D^a Ana de Borja, condesa de lemos y propietaria de las murallas de Ferrol, fundó D. Juan de Mandiá y Parga la capilla del Santo Cristo del Buen Viaje sobre el arco que formaba la antigua puerta del Castro (...)”. Sobre este corpo estivera tamén anteriormente o reloxo público da vila (ALONSO 1820).

A mediados do século XVIII existía aínda a “Puerta del Castro” e “Arco del Castro”. Ambas estruturas foron derrubadas en 1826 e a figura do Cristo que abeiraba a capela que había sobre o arco do castro foi trasladada á igrexa da Orde Terceira.

Trala desaparición da vella muralla que cercaba a pequena vila, unicamente queda como reflexo do antigo castro a rúa do mesmo nome, que é citada polos historiadores aos que aludimos anteriormente, ademais de outros posteriores como Vicetto (1871) ou Carré (1929). Margarita Sánchez (1986) redunda nesta idea e cita un Auto do concello de Ferrol do ano 1766: “(...) de que se ha construido una casa al lado del hospital, en el castro (...)”.

Tódolas pegadas que poideran quedar da pequena vila mariñeira medieval de Ferrol desaparecieron debido a que “la rapidísima transformación sufrida por Ferrol hacia 1750 fue tan grande y brusca que las obras acometidas por la Marina barrieron cuantos restos medievales pudiera conservar la villa (...) Se fueron la puerta, torre y reloj del Castro en la calle de Ferrol Viejo que lleva ese nombre y desapareció la puerta del Cristo (...) y la ermita de San Roque, el edificio más antiguo” (de la Iglesia, 1901).

Castro de A Tafona: O lugar chamado Atafona ou Tafona estaba situado no Campo das Redes, fronte á antiga ermida de San Roque, extramuros da vila. Alí estaba instalado o “rollo” como símbolo da xustiza (Montero, 1859). Vicetto (1871) afirma que no “alto de la Atafona” había un castro. Novo (1883) asegura que ese castro existiu pero que “no podemos determinar con precisión el lugar que ocupaba”.

A Tafona era un amplo espacio onde confluían varios camiños que saían da vila de Ferrol, tiña unha ermida (San Roque) e cruceiro e celebrábanse feiras e unha importante romería. O camiño máis importante era o que se empezaba a chamar “calle del Príncipe”, que se correspón coa actual rúa de Espartero (Sánchez, op. cit.). Preto da ermida de San Roque había varias fontes, unha delas chamada “do Mouro”⁴. Este dato toponímico, xunto con outras pistas: cristianización do lugar con unha ermida e máis un cruceiro; lugar de encrucillada e centro de reunión (feiras); zona de límite entre a vila e o espacio extramuros e a aparición de restos de ánforas e moedas romanas (Camacho et al. 1987), fannos pensar realmente da existencia nese lugar dun castro romanizado⁵. Sería un castro de tipo marítimo, situado a uns 25 m. sobre o nivel do mar e moi próximo á costa⁶.

⁴ Libro de Ayuntamiento, 4º; publicada esta nota por. SÁNCHEZ, M.

⁵ Os achados apareceron, según estes autores, nun solar da rúa de San Roque onde actualmente habita unha orde relixiosa. O Campo das Redes, que lindaba co “balado vello, por donde foi cerrada a vila de Ferrol”, pertencía ao mosteiro de San Salvador de Pedroso (CAL, 1984).

⁶ Non hai que esquecer que ata o século XVIII o mar chegaba ata os muros do convento de San Francisco.

Outras noticias de poboamentos: Nunha nota publicada no ano 1900, Nicolás Fort fálanos de que “la altura máxima del recinto del Ferrol se eleva a 60 metros del nivel del mar y forma un circuito de unos 30 metros de eje (...) la extensión y disposición de la meseta hace sospechar el emplazamiento de un primitivo castro, quizá reducido por posteriores desmontes”. Esta mesma noticia recóllea Carré (1929). Non temos ningunha referencia máis sobre o que nos dí Fort, pero segundo él, o castro estaría en Canido e os puntos coincidentes con esta escasez de datos (altitude e eixo) serían o actual Cruceiro ou o lugar chamado A Tahona⁷. As referencias sobre Canido son parcas na documentación medieval e denominábase aldea de Canido ou tamén Casal de Canido, nunca se cita o topónimo “castro”. En definitiva, esta noticia teremos que collela con moitas reservas mentras non haxa datos fiables que nos fagan afirmar o contrario.

Outras novas nos falan de achados de restos de tégulas e moedas romanas de época altoimperial en Esteiro (Camacho et al., op cit.) durante as obras realizadas para a construción dunha galería na E. N. Bazán⁸.

REFERENCIAS HISTORIOGRÁFICAS VERBO DOS CASTROS DO CONCELLO DE FERROL

As referencias aos castros do concello de Ferrol son escasas. A maioría das veces os autores únicamente citan castros sin máis, é dicir, sin facer unha descripción, características, achados, etc. dos xacementos.

Saralegui (1894) cita os castros de Vilasanche, Mandiá, San Pedro de Leixe (sic) e Marmancón. Únicamente se estende algo referíndose ao primeiro, dicindo que “era residencia de un ‘brenn’ o jefe, desde donde vigilaba a la población de sus campos”, e unha pequena nota sobre o estado de conservación do castro, dicindo que “ha sido objeto de un pequeño desmonte”.

Gil Araus (1890)⁹ equipara o castro de Vilasanche aos “barrows” ingleses e afirma que pertence á idade do Bronce, datándoo no 2000 a.C. “La situación, forma,

⁷ ¿Poidera ser que Fort tivera datos do castro de Atafona e trasladara o castro (por coincidencia de topónimos) desde a Tafona, no Campo das Redes, ata a Tahona de Canido?

⁸ É certo que as orixes de Esteiro están no chamado “Casal de Esteiro” (CAL, 1984) pero descoñecemos se este casal derivaba dun núcleo rural romano, como ocorre noutros lugares do noso entorno (Esmelle, Mugarbos...) cando os castros deixan de seren habitados ou se trata dunha fundación posterior, xa altomedieval. Por outra banda descoñecemos máis datos sobre a orixe e destino deses achados, polo que tamén tomamos esa noticia con reservas.

⁹ Gil Araus, E. é seudónimo (anagrama) de SARALEGUI (ARAGUAS, 1974). Don Leandro utilizouno cando escribiu no “Almanaque de Galicia para el año de 1891”, que se regalaba aos suscriptores do diario *La Monarquía*.

topografía del lugar e incluso su conservación hacen de éste un ejemplar poco común en su género”. Saralegui cita a Murray, que no seu libro “Hand book of Spain” fala do castro de Vilasanche como “notable specimen” entre os da súa clase.

Xa en tempos recentes fixéronse dúas catalogacións de xacementos no concello de Ferrol¹⁰. A primeira catalogación é do ano 1985 e son autores Romero e Pose e a segunda é do ano 1987 e foi realizada por colaboradores do Ateneo Ferrolán. Catalóganse dez castros e falan dos desaparecidos de Ferrol Vello, Sta. Mariña e Sta. Icíá.

No ano 1996 a Facultade de Humanidades da Universidade da Coruña en colaboración co Concello de Ferrol e baixo a dirección do catedrático de Historia Antiga Víctor Alonso Troncoso, realiza un Curso de Verán titulado “Ferrolterra Galaico-Romana”, que reúne a unha serie de especialistas que actualizan os coñecementos sobre esa fase da historia da nosa comarca. No ano 1997 sairá do prelo un volume que amplía as comunicacións dos distintos relatores do Curso e que constitúe o máis amplo estudio especializado sobre a época antiga e a historiografía ferrolás.

Por fin no ano 1998 sae publicada unha “Historia de Ferrol” (Ramil et al.), sendo a primeira vez que se edita nun volume unha historia da cidade desde que en 1859 a publicara Montero Aróstegui.

PUNTO DE VISTA PATRIMONIAL

Na actualidade os castros de Ferrol están expostos a múltiples formas de destrución. A acción antrópica é a que máis perxudica a conservación dos xacementos, algo que non é nada novo, pois xa desde hai séculos os restos do noso pasado foron codiciados por buscadores de “tesouros”. Máis recentemente os xacementos sofren a extensión das leiras, plantacións indiscriminadas, urbanización, construción de pistas, concentración parcelaria, etc.

Outro feito non menos importante de cara ao coñecemento do noso Patrimonio Arqueolóxico é a sustracción de documentos que estaban nos mosteiros ou nas igrexas rurais, así como a apropiación indebida de pezas arqueolóxicas que están en mans de particulares que amosan así un dubidoso amor ao coñecemento dos nosos devanceiros. Todas estas facetas denunciadas desde antigo “evitan el poder hacer la historia y deja importantes páginas en blanco” (Balsa, 1909).

¹⁰ Aparte de noticias soltas espalladas polos xornais locais e de dúas historias de Ferrol por entregas. Estas son: “Contribución al estudio histórico de Ferrol” publicada por CAMACHO, RODRÍGUEZ e SANTÉ en *El Ideal Gallego*, a partir do 10 de marzo de 1987 e “Ferrol. Claves de su historia”, de LLORCA, G. no mesmo xornal e durante o ano 1998.

No caso da comarca de Ferrol, con 32 castros en zonas de val (Parcero, 1993) o perigo de destrucción destes é maior que noutras zonas con predominio de monte.

Por todo isto concluímos que debe haber unha concienciación cidadá cara a estes restos arqueolóxicos. Propoñemos un modelo teórico para conseguir a rentabilidade deste patrimonio, poñendo como exemplo o único castro costeiro do concello de Ferrol: Lobadiz.

MÉTODO TEÓRICO PARA PROMOVER O USO SOCIAL DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO CASTREXO NO CONCELLO DE FERROL

Finalizado o Inventario e descripción do Patrimonio Arqueolóxico Castrexo do concello de Ferrol, valorada a súa fragilidade e potencialidade, analizamos a continuación as diferentes actividades que son necesarias para promové-la explotación deste recurso patrimonial catalogado de cara a súa proxección social.

Plantexamos un modelo teórico, que pode aplicarse a calqueira dos xacementos castrexos inventariados en bó estado de conservación e con facilidade de acceso, pero precisando a obrigatoriedade dun paso previo, a adquisición do xacemento polo concello de Ferrol.

- Xustificación da Actuación.

O xacemento castrexo elexido debe presentar unhas condicións adecuadas para a súa recuperación atopándose a nivel patrimonial en boas condicións de conservación, sendo un bén catalogado e propiedade municipal, é dicir, cunhas condicións legais óptimas para a intervención.

A título de exemplo, concretaremos a actuación no Castro de Lobadiz, encadrado dentro da tipoloxía de castros costeiros, peninsulares, con bó acceso, con restos estruturais no recinto habitacional, coñecidos por mor de excavacións clandestinas realizadas no pasado, e cunhas espectaculares murallas defensivas en bó estado de conservación.

A morfoloxía estrutural do xacemento, a súa ubicación, tipoloxía, plantea, como hipótese de traballo, unha cronoloxía ampla entre finais da cultura castrexa e inicios do mundo galaico-román. Presenta un interés arqueolóxico de alto nivel, sumado á falla total de excavacións de poboados da Idade do Ferro no concello, que fán do bén un indudable atractivo para a súa rentabilización e futuro estudo.

É preciso ter en conta que as condicións de accesibilidade ó xacemento son óptimas, e que a poboación estable afectada pola recuperación do xacemento é bastante ampla dada á proximidade a núcleos rurais e á propia cidade de Ferrol. Por outra parte a poboación flotante á que afectaría a obra é tamén importante dado o número crecente de turismo que visita a zoa.

-Obxeto e Desenrolo da Actuación.

As accións que se pretender acometer no Castro de Lobadiz supoñen unha eliminación da vexetación existente na actualidade e unha sembra posterior de céspede e plantas rasteiras (na zoa das murallas), así como a posterior realización dun programa de sinalización que incluíría a información no propio xacemento. Ademáis estableceríase un sendeiro interno permitíndose un recorrido polo interior do castro e así poder apreciar os diferentes elementos estruturais. Como un produto derivado destas accións considerase necesario realizar unha topografía adecuada do xacemento que redunde na súa mellor documentación, facilitando así eventuais actuacións posteriores.

Coidase oportuno concretar a actuación en diferentes fases:

1- Actuación biótica.

Para a súa realización seguiranse as seguintes pautas encamiñadas á eliminación da vexetación actual e o posterior acondicionamento e sembra de especies máis nobles que dignifiquen o entorno do xacemento.

Paralelamente buscaranse diferencias cromáticas na nova cuberta vexetal que fagan máis transparente a variabilidade estrutural do xacemento.

Toda-las accións acometeranse manexando distintas variedades de céspedes e arbustos autóctonos. Estas actuacións levaranse a cabo en tres etapas:

a- Eliminación da vexetación actual.

Levarase a cabo sen remocións de terras; utilizarase un equipo humano que rozará toda a vexetación existente; unha vez cortada, sacaráse do recinto e trasladase ó vertedeiro para proceder ó primeiro tratamento químico.

A aplicación do herbicida farase o día seguinte dun día seco e sen vento; a materia activa a utilizar será o Glisofato ó 36% (Roundup-Plus), sendo a dosis de emprego 200 cc por litro. O reparto realizarase con mochila, empregando parte do equipo humano empregado na roza anterior. Pasados dous meses volverase a repetir a aplicación para eliminar definitivamente os brotes novos e as xerminacións das semillas que poideran quedar.

Eliminación de tocóns. Caso de existir non se moverán do chán, para evitar a alteración dos niveís arqueolóxicos fértiles. A súa eliminación faráse de dúas maneiras; no outono aplicarase sobre a superficie do tocón Glisofato ó 36% como materia activa (Roundup-Plus), realizándose esta operación con brocha, administrando unha disolución do produto ó 50%. Na primavera, entre Abril e Maio, aplicarase sobre a superficie do tocón Piclorán ó 24% como materia activa (Tordón) administrándose tamén con brocha unha disolución ó 50%.

Os cambios estacionais de produtos son debidos ós movementos da savia, ascendente e descendente.

b- Preparación do chán para a sembra de céspedes e a plantación de arbustos.

En primeiro lugar analizaráse o chán para observar os niveís de nutrientes existentes, i en base ós mesmos aplicarase os fertilizantes e as enmendas calizas que se consideren necesarios. A toma de mostras necesarias para este análise realizaráse cunhas micro-catas de 10 cm. de profundidade e 50 cm. de lado.

Preparación do chán. Na zoa achairada do castro moveráse o chán nunha potencia de 10 cm. O apero a utilizar será unha fresadora que moveráse cún tractor de 40 CV. Aproveitando esta labor enterraránse as enmendas calizas (cal magnésica) e os fertilizantes (15-15-15) na proporción que determine a analítica.

c- Sembra e Plantación.

-Céspedede. Búscase establecer unha variedade cromática a través dos diferentes tipos de céspedes polo que será necesario dispor tres variedades de mezcla:

-Fórmula sport. Utilizarase fundamentalmente no interior da croa, nas partes máis achairadas. Componse de : 10% de *Poa pratensis*, 30 % de *Festuca rubra*, 60% de ray gras inglés.

-Fórmula xardín. Empregarase sobre todo nas zoas de murallas. A súa composición inclue 70% de ray gras inglés, 5% de *Agrostis Tenuis*, 5% de *Poa pratensis*, 20% de *Festuca rubra*.

-Fórmula fina. Introducirase de forma minoritaria en caso de ser necesario algún contraste cromático en concreto. Esta variedade inclue 62% de *Festuca rubra*, 18% de *Agrostis Tenuis*, 18% de *Poa Pratensis*.

A sembra realizarase a mán (un día sen vento), a continuación pasarase un rulo, que poña a semente en contacto có chán para facilitar o seu nacemento. Xerminada a semente, cando acade unha altura de sete centímetros, procederase a unha primeira corta, para seu mellor enraizamento; deste xeito, na primavera mellorará seu rebrote.

Arbustos. Situaranse principalmente nas zoas de talude con dous obxetivos complementarios; en primeiro lugar, realizar un contraste cromático có interior da croa (sembrada integramente de cespede). Complementariamente, realizar funcións de contención da erosión, posto que a pendente é importante e precisa dalgunha medida preventiva para evitar a formación de torrenteiras. Unindo as razóns sinaladas, a condición necesaria para que o mantemento seña mínimo, chegase á conclusión de que a especie máis apropiada é o brezo. Non obstante, para incluír certa variedade cromática que reste uniformidade ó conxunto, será preciso introducir distintas variedades desta especie.

- a- Furzey-brezo (Erica): Flores malvas no inverno e primavera.
- b- White Perfection: Flores brancas no inverno e primavera.
- c- Kimlochruel: Flores brancas no verán e outono.
- d- C. D. Easum: Flores malvas no verán e outono.

Para unha total cubrición das murallas coa cobertura vexetal descrita sería necesario colocar seis plantas por metro cadrado, nembargantes, é posible recurrir a outras dous opcións máis realistas. A primeira delas consiste en realizar agrupacións dunhas trinta plantas que se situarían de forma discontinua polas murallas. A outra, formalízase coa redución do número de plantas por metro cadrado ata crear unha cuberta de brezo moito máis rala que có paso do tempo iráse tupindo.

En calquera caso haberá que manter libre de plantación a parte superior da muralla có obxecto de poder circular e circunvalala na súa totalidade; tamén é preciso deixar algúns accesos libres dende o interior da croa para poder gañar a parte superior con facilidade.

Toda-las accións integradas dentro desta actuación biótica serán obxecto de estricto control arqueolóxico.

2.- Fase de Difusión e Sinalización.

Dentro das accións que é preciso desenrolar para unha valorización do xacemento destacan polo seu propio valor as encamiñadas a facer pública, tanto a súa situación como as súas características esenciais. Os medios polos que se pretende acadar estes obxetivos son fundamentalmente dous: A sinalización vertical e a edición dun tríptico.

a.- Sinalización vertical. Dadas as condicións do xacemento para a súa visita é convinte realizar unha pequena rede de sinalización encamiñada, por un lado a indicar os accesos ó castro e por outro a explicar as características do xacemento para que señan accesibles ó público.

-Sináis indicadoras de dirección. Situaranse nos accesos ó xacemento.

-Sinal de punto. Situada na estrada ó pé do castro.

-Mesa explicativa na entrada ó xacemento. Néla detallaranse as características xerais dos poboados da Idade do Ferro do noroeste.

-Incluiráse un mapa doutros xacementos visitables (castros e mámoas).

b-.Tríptico. A edición deste documento debe incluír unha boa documentación gráfica do castro e unha mínima introducción á Idade do Ferro no noroeste. Tamén debe incluírse unha referencia documentada ó importante patrimonio megalítico de Ferrol.

3-.Metodoloxía arqueolóxica.

O método de actuación máis adecuado, neste caso, é o control arqueolóxico exhaustivo da actuación biótica. Controlarase o paso de maquinaria, para que os movementos da mesma, sexa o máis restrinxido posible na teima de paliar os posibles desperfectos que afecten á configuración orixinal do xacemento.

4-.Accións recomendadas.

É convinte estender a propiedade municipal incluíndo unha superficie superior ó propio xacemento.

A excelente conservación do castro e a súa adecuada ubicación, tanto respecto á cidade de Ferrol, como ás propias vías de comunicación da comarca, permiten pensar no establecemento dun Centro de Interpretación do Patrimonio Arqueolóxico da zoa. Ésta é unha idea ambiciosa pero aconsellable para a rentabilización cultural dún bñ. Ademáis o concepto do centro de interpretación tén moitas posibilidades pedagóxico-educativas, séndo importante a través deste proxecto acadar a rentabilización do patrimonio arqueolóxico de Ferrol.

En relación directa có centro de interpretación estaría a elaboración dunha ruta de interese arqueolóxico na que se poderían visitar os xacementos arqueolóxicos en mellor estado de conservación.

O Centro de Interpretación sería o punto de partida, dende o que se organizarían visitas guiadas. Un grupo potencialmente importante, que serviría de fenómeno impulsor e dinamizador deste tipo de visitas serían os centros educativos, colexios e institutos. Dende este punto de vista sería sumamente interesante a estreita colaboración cós centros educativos da comarca de Ferrolterra. Esta colaboración basaríase na elaboración de unidades didácticas por parte dún equipo pedagóxico centro-colexios; os alumnos realizarían actividades in situ, para provocarlles unha reflexión acerca de:

1- Apreciar o xacemento, zoa e comarca arqueolóxica como algo que lles pertence, relacionado có seu pasado e a súa identidade.

2- Crear unha temprana conciencia acerca da importancia do noso patrimonio e fomentá-lo respecto e compromiso có mesmo.

Outros grupos ós que se debería prestar unha atención especial serían as persoas da terceira idade, os grupos turísticos.

Nas visitas guiadas poderían colaborar alumnos universitarios da zoa, licenciados, animadores socio-culturáis.

O contido pedagóxico da visita guiada estaría confeccionado polo equipo arqueolóxico, grupo pedagóxico e guías.

5-.Mantenimento do xacemento.

Loxicamente toda-las accións propostas pensaronse para que o manteniemento seña o mínimo posible; parece obvio insistir en que canto máis se invirta nesta tarefas (sega, aplicación de herbicidas selectivos, rego, etc.) mellor será o aspecto do xacemento, e consecuentemente serán maiores as posibilidades da súa rentabilización (en términos de número de visitantes).

Un tipo de manteniemento, de gran economía i equilibrio ecolóxico, sería o pastoreo regular, mínimo e controlado, con animais de pequeno tamaño, como ovellas. Esta variante, non sempre resultante (heces, pequenos destrozos), tén a ventaxa dún impacto ambiental mínimo.

Así, no referente ó manteniemento das especies vexetaís sementadas, é convín-te aplicar herbicida despóis de transcurridos dous anos dende a sembra. Realizaráse con tratamento químico selectivo. A materia activa a empregar será o Picloran (Tordón 101), que se aplicará na primavera mediante distribución con mochila, que debe estar provista dunha campá ó efecto de protexer os arbustos. A dose será de 125cc. por 15l., aplicándose 15l. de disolución cada 1.000 metros cadrados

O manteniemento é básico para acadar os obxetivos propostos ó longo desta exposición.

BIBLIOGRAFÍA

-ALONSO LÓPEZ, J.: *Consideraciones generales sobre varios puntos históricos, políticos y económicos á favor de la libertad y fomento de los pueblos, y noticias particulares de esta clase, relativas al Ferrol y á su comarca* I. Madrid, 1820.


-ALONSO TRONCOSO, V.(ed.): *Ferrolterra Galaico-Romana*. Fac.de Humanidades. Universidade da Coruña, Ferrol, 1997

- ARAGUAS, V. voz.: “Saralegui y Medina, Leandro de”, *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago, 1974.
- BALSA de la VEGA, R.: “Galicia Arqueológica. (Carta abierta al Excmo. Sr. D. Leandro de Saralegui y Medina)”, *Almanaque de Ferrol para 1910*. Ferrol, 1909.
- CAL PARDO, E.: *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos*. A Coruña, 1984.
- CARNEIRO, J.; GÓMEZ, J.; RODRÍGUEZ, M; e SANFIZ, H.: *O Seixo no pasado. Apuntes para a historia de Mugardos*. Pontedeume, 1998.
- CARRÉ ALDAO, E.: “La Coruña. T. I-II”, in *Geografía general del reino de Galicia* Carreras y Candi (dir.). Barcelona, 1929.
- FORT y ROLDÁN, N.(dir.): *Anuario Ferrolano para 1904*. Ferrol, 1903.
- GIL ARAUS, E.: “El castro de Vilasanche”, in *Almanaque de Galicia para el año de 1891*. Ferrol, 1890.
- IGLESIA, S. de la : “Ferrol Arqueológico”, *Anuario Ferrolano para 1902*. Ferrol, 1901.
- IGLESIA, S. de la : “Catálogo de la sección de protohistoria gallega de la colección de S. de la Iglesia”, *Almanaque de Ferrol para el año de 1908*. Ferrol, 1907.
- MADOZ, P.: *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid, 1849.
- MONTERO ARÓSTEGUI, J.: *Historia y descripción de El Ferrol*. Reed. de 1972. Ferrol, 1859.
- NOVO Y GARCÍA, V.: *Historia de Ferrol*. Ferrol, 1883.
- PARCERO, C.: “Aproximación al espacio social en el mundo castreño”, en *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología II*. Vigo, 1993, pp. 185-189.
- ROMERO, A. e POSE, X.M.: “Catalogación arqueológica da ría de Ferrol.” *Monografías urxentes do Museu*, nº 2. A Coruña., 1985.
- SÁNCHEZ, M.: “La villa de Ferrol en la primera mitad del siglo XVIII”. *Estudios Mindonienses* 1 e 2. Mondoñedo, (1985-1986), pp. 185-205 e pp. 191-223.
- SARALEGUI y MEDINA, L. de : “Los castros. Estudios de Arqueología Prehistórica”, in *Estudios sobre Galicia*. A Coruña, 1888.
- SARALEGUI y MEDINA, L. de *Estudios sobre la época céltica en Galicia*. 3ª Ed. Ferrol, 1894.

-VICETTO, B.: *Historia de Galicia*. Ferrol, 1871. .


-VV. AA.: “Catalogación castrexa da bisbarra de Ferrol”, *Cuadernos Ateneo ferrolán*, 7, 5. Ferrol, 1987.

-VV.AA.: *Historia de Ferrol*. A Coruña, Vía Láctea Editorial, 1998.




Emprazamento do Castro de Ferro Vello (Sánchez, M. 1986)

CONCELLO DE FERROL





- 1-Os Castros (Mandiá)
- 2-Castro de Sta. Icia
- 3-A Croa (San Pedro de Leixa)
- 4-Castro de Vilela
- 5-Castro de Vilasanche
- 6-Castelo dos Mouros e Gafos
- 7-A Croa de Fontá
- 8-Castro de Lobadiz
- 9-Castro de Tralocastro
- 10-Castro de Papoi

Castros do Concello de Ferrol (VV.AA. 1987)



Plano do Castro de Lobadiz



Vistas do Castro de Lobadiz